




Era unha vez unha terra que **Gallaecia** era chamada, onde había moitas tribos nunha idade antepasada...

Preindoeuropeos

Indoeuropeos (800 a.c.  
Os *saefes*)



...Chegaron despois de **Roma** xentes ben organizadas que gañaron esta terra pola armas esforzadas...



Entre os ss. 29-19 a.c. Octavio Augusto.  
Batalla Monte Medulio.

Asimilación cultural e substitución lingüística

## O LATÍN (s.VI a.c.)



Lingua dos colonizadores da administración e do exército.

S.II Proceso de substitución lingüística.  
Latín idioma de promoción social.

S.VI Desaparación das linguas prelatinas.

# O SUBSTRATO

- **Preindoeuropeo:** amorodo, morango, sapo, cama, carballo, ...
- **Indoeuropeo/Celta**

**Vocabulario común:** berce, lousa, saraiba, cervexa...

**Toponimia e Antroponimia:** Coruña, Lameiro, Miño, Sar, Seara...

**Fenómenos fonéticos:**

-CT->-it (nocte>noite)

Perda do -n-, -l- (LUNA>lúa, SOLU>só)

Sonorización das xordas intervocálicas: APICULA>abella, VOTA>voda, METU>

medo

...desfeito o Imperio Romano polas armas dos Xermanos,  
a lingua foise rompendo, porque todo vai mudando...

S.V Caída do Imperio Romano > diversificación lingüística  
Instauración do Reino Suevo: bases da sociedade medieval.

## SUPERESTRATO XERMÁNICO

As novidades do pobo invasor

Léxico común: xardín, guerra, harpa, frecha...

Antroponimia: Afonso, Fernando, Alberte, Luís...

Toponimia:

-RIZ (Mondariz, Guitiriz...)

-IL (Castromil, Samil...)

-MONDE/-MUNDE/-MUNDI (Vaamonde, Taramundi..)

-AR (Gondomar, Gondar, Tosar...)

Suevos, Godos...




# 711 os árabes na península

## SUPERESTRATO ÁRABE

Achegas léxicas árabes : alcalde, algodón, Arrecife, cifra, arroz...

Poucos son os arabismos que se incorporan directamente ao galego.

Interferencias galegas no latín: *meigo, vila, rego*...



## Nacemento das linguas romances

# Idade Media. O Reino da Galiza



- A Era Compostelá: Santiago de Compostela centro de peregrinación medieval europea.
- Terra de retagarda en contra os árabes.
- Melloras na agricultura e comercio.
- Crecemento das urbes.

## Esplendor político e económico

➔ Arte románica

➔ Lírica trobadoresca





# O galego trobadoresco

Lingua normalizada: cooficialidade

Monolingüismo social oral

Primeiros textos escritos : 1175



## Ondas do mar de Vigo

*Ondas do mar de Vigo,  
¿se vistes meu amigo?  
¡E aí Deus, se verrá cedo!*

*Ondas do mar levado,  
¿se vistes meu amado?  
¡E aí Deus, se verrá cedo!*

*¿Se vistes meu amigo,  
o por que eu sospiro?  
¡E aí Deus, se verrá cedo!*

*¿Se vistes meu amado,  
por que ei gran coidado?  
¡E aí Deus, se verrá cedo!*

# Debilitamento do peso político do Reino da Galiza

O Condado de *Portucale* (1139)

Unidade política > Reino de Portugal


Desdobramento dos falares românicos do NO

A reconquista: fronteira rio Miño



# Doma e castra do Reino da Galiza

Unificación das coroas noroccidentais  
Guerras de Sucesión  
Presión demográfica  
Peste Negra  
Entrada da aristocracia castelá



↓  
Castelanización → Séculos Escuros



Ruptura da homoxeneidade lingüística  
Marxinación social do idioma galego  
Ausencia case total da literatura escrita


# O despertar da conciencia lingüística

Preocupación pola marxinación lingüística na Galiza: **Os Ilustrados**  
(Padre Sarmiento e Padre Feixoo)


Negación da condición de dialecto.

Emprende un labor lexicográfico e reclama:

- Ensino do galego e ensino en galego
- Obrigatoriedade do coñecemento por parte de todos os funcionarios
- Restauración da lingua
- Vencimento do autoodio



# O Rexurdimento



Movemento político e ideolóxico, reivindicador da personalidade colectiva galega e defensor da condición de pobo.

Provincialismo/rexionalismo

- Mudar a consideración lingüística que existía na sociedade.
- Ampliar os ámbitos de uso: o galego igual de apto que o castelán.
- Estudar, depurar e perfeccionar o idioma: primeiros estudos da lingua.



# Século XX: continuidade do esforzo restaurador da nosa lingua e cultura.

## As Irmandades da fala e o Grupo Nós

- Dignificación e expansión do uso do noso idioma
- Recuperación e modernización da nosa tradición cultural



Tén Galiza idioma propio? Estamos fartos de saber que o povo galego galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e axeitado para ser vehículo dunha cultura moderna...  
*Sempre en Galiza, Castelao*



Consideración legal do galego

Obrigatoriedade do ensino da lingua galega no ensino

Acción radical en defensa do país e idioma: **Nacionalismo**





# A Guerra Civil: creba histórica e cultural

A represión e o exilio

A recuperación cultural:


Editorial Galaxia , colección de poesía Benito Soto, asociacións culturais, suplementos...

Inicio do proceso de normalización e estandarización da lingua.



# Situación lingüística actual

- O galego é a lingua propia da Galiza
- Presente en todo o territorio e en todas as capas sociais: ámbito laboral e profesional, institucional, educativo, medios de comunicación, na rede, cine, teatro...





# Galego e portugués: a mesma orixe

O avance do galego cara ao sur e o desprazamento da capital portuguesa introduciron unha serie de elementos novos que deron lugar á situación actual.

## **FONÉTICAS**

Inexistencia das sibilantes sonoras (z/j)

Non hai oposición entre vogais nasais e vogais orais

Diferenzas fonéticas: pronuncia do «ch» como «tch», confusión b/v...

## **MORFOLÓXICAS**

Sufixos: -ble, -e, -án/-á, -ón/-oa

Existencia do ditongo indoeuropeo: froito>fruto, loitar>lutar, escoitar>escutar...

Permanencia dos hiatos -eo-, -ea-: correo>correio, tea>teia

Pronome arcaico CHE

Numerais e pronomes indefinidos grafados con -NH-

Mudanzas nas conxugacións verbais

**SINTÁTICAS:** enclise dos pronomes ao futuro (encontrar-se-á, esperar-nos-ia)

**ORTOGRÁFICAS:** grafías, acentuación...

**LÉXICAS:** vocablos que se arcaizaron no portugués, termos eruditos, estranxeirismos, meses, parentescos, días da semana....